CIG-Saúde **RECLAMA**

O recoñecemento de oficio do grao inicial da Carreira Profesional

CIG-Saúde vén de presentar unha proposta para que o SERGAS recoñeza automaticamente o grao inicial, sen necesidade de solicitude. A Administración xa dispón dos datos necesarios para comprobar os requisitos. **Obrigar a presentar unha solicitude é un trámite innecesario que pode atrasar o acceso ao grao I.**

RECLAMAMOS

01 **Recoñecemento automático** do grao inicial desde a data en que se cumpran os requisitos.

02 **Cómputo da permanencia desde esa mesma data**, sen depender de cando se presente ou resolva a solicitude.

03 **Quen xa cumpre os requisitos e non ten o grao inicial:** que o SERGAS llo recoñeza de oficio, nun prazo máximo de tres meses, con efectos desde que os cumpriu.

04 **Quen o ten recoñecido, pero o solicitou máis tarde:** que se revise a data de efectos para que a permanencia conte desde que cumpriu os requisitos, e non desde que o solicitou.

Os graos I a IV seguirán sendo voluntarios e requirirán solicitude e avaliación.

CIG-Saúde ESIXE QUE NINGÚN TRABALLADOR/A VEXA ATRASADA A SÚA PROGRESIÓN PROFESIONAL POR UN TRÁMITE INNECESARIO.